

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION EXTRAORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO

POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día vinte e catro de setembro do ano douce mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos,

actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días señores e señoras concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada por orde do día de 20 de setembro que obra en poder das señoras e señores concelleiros, aos efectos do sorteo para a formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións xerais, de conformidade co disposto na Lei orgánica de réxime electoral e Instrucción da Xunta Electoral Central. Constátase quórum. Ábrese sesión pública.

ÚNICO.(169) SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓN AUTONÓMICAS DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL E INSTRUCCIÓN DA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións autonómicas, convocadas por RD número 174/2012, do 27 de agosto, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 163, do 28 de agosto de 2012.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que se sacarán números ó chou, do 1 ó 999, para escoller cada un dos membros a designar, que corresponderán co número do censo electoral e seguidamente o ordenador fará automaticamente a continuación do número que saia, segundo a titulación e a idade requerida, os compoñentes das citadas mesas para presidentes, vocais e suplentes.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	216
1º VOCAL	411
2º VOCAL	85
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	249
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	25
1º VOCAL 1º SUPLENTE	733
1º VOCAL 2º SUPLENTE	870
2º VOCAL 1º SUPLENTE	640
2º VOCAL 2º SUPLENTE	74

De seguido o Sr. presidente indica que os devanditos números se introducirán no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procederá a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

A presidencia a presencia dos técnicos do Servizo de Administración Electrónica do Concello presentes no salón de Plenos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintesete membros presentes da Corporación, que a constitúen de derecho e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións autonómicas, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter más asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario

dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña
sinatura e más a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo
110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.